

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LATÍN



CURSO 2015-2016

CPI CERNADAS DE CASTRO. LOUSAME.

## ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN.....	4
1. PRESENTACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .....	4
2. ANÁLISE SOCIOCULTURAL .....	5
3. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO.....	6
4. MARCO NORMATIVO .....	6
II.    CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	8
1. OBXECTIVOS.....	9
2. CONTIDOS.....	10
3. TEMPORALIZACIÓN.....	11
4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	12
5. MÍNIMOS ESIXIBLES.....	14
6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	15
7. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	16
8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	16
9. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA.....	17
10. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC.....	17
11. PROCEDIMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO ALUMNADO CON PROGRAMAS DE REFORZO CON ATRIBUCIÓN HORARIA.....	18
III. PLAN DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DO ALUMNADO SEN REFORZO.....	19
IV. ASPECTOS XERAIS.....	20
V. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	21
VI. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	24
VII. PROGRAMACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS.....	25

VIII. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	27
IX. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	28
X. PROGRAMACIÓN DA MATERIA PARA 4º ESO.....	29
XI. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN.....	83

# I. INTRODUCCIÓN

## 1. PRESENTACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de latín, presente no currículo de cuarto curso da educación secundaria obrigatoria, supón un achegamento específico á lingua e á cultura de Roma e, consecuentemente, ao mundo antigo. O seu estudo ofrécese a partir de contidos lingüísticos e culturais, complementarios entre si e unidos polo seu carácter de achegas substanciais do que se coñece como herdanza clásica.

Todas as linguas da Europa occidental incrementaron os seus recursos expresivos, en todas as épocas, mesmo na actualidade, coa adopción de palabras de orixe latina. Esa calidade de achega e continuidade na sociedade actual debe guiar a súa presentación e dar sentido ao seu estudo.

A adquisición de capacidades básicas e o logro dos obxectivos da etapa deberán estar no horizonte dos dous obxectivos primordiais que persegue esta materia: iniciar un estudo básico da lingua que é nexo e está na orixe do amplo grupo das linguas romances e coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade e da cultura romanas para poder relacionalos cos do mundo actual. O primeiro obxectivo axuda a mellorar o coñecemento e uso das propias linguas como instrumento primordial de aprendizaxe e comunicación; o segundo achega unha interpretación máis ponderada da sociedade actual.

A lingua latina é unha das máis importante achegas do mundo clásico á civilización occidental, polo que é razoable que os contidos propiamente lingüísticos ocupen un espazo moi considerable e substancial da materia. Por evolución ou por influencia léxica o latín está presente nas linguas que utilizamos ou nas que son obxecto de aprendizaxe para as alumnas e os alumnos.

O estudo do sistema da lingua latina como modelo de lingua flexiva permite, a través da comparación, unha reflexión profunda sobre os elementos formais e os mecanismos sintácticos das linguas de uso do alumnado. O coñecemento, sequera básico, do latín fai posible entender as linguas de orixe romance como o resultado concreto dunha evolución, e apreciar en que medida a súa estrutura e o seu léxico están en débeda coa lingua da que proceden. Pola súa banda, a práctica da tradución constitúe unha experiencia de investigación que utiliza a lóxica do pensamento, favorece a memoria e potencia os hábitos de disciplina no estudo, co que se razoa mellor e se aprende a aprender. Neste sentido, parece recomendable seguir un método natural en que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no cal a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

O estudo da historia e evolución da lingua latina e da formación das palabras dota o alumnado dos coñecementos necesarios para entender a evolución lingüística, determinar os procesos de cambio fonético e semántico e ilustrar os procedementos que actúan na formación do léxico, ao mesmo tempo que enriquece o seu vocabulario. O alumnado, ao falar calquera lingua románica, debe ter conciencia de estar mantendo vivos moitos séculos de civilización mediterránea co latín como nexo unificador.

Ademais, a materia aborda o coñecemento do marco xeográfico e histórico e dos aspectos máis relevantes da sociedade romana e clásica en xeral, desde a que se transmitiron modos de vida, institucións e creacións literarias, técnicas e artísticas que están na base da configuración e do progreso de Europa. Ese coñecemento supón un referente necesario no que rastrexar os antecedentes históricos da organización social ou a delimitación dos dereitos das persoas. A cultura que modelou o noso presente e impregna boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, que entroncan a nosa herdanza cultural coas raíces do mundo clásico. Neste sentido, a lectura de textos literarios axuda a observar como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen presentes nos nosos escritos.

De acordo con estes principios, os contidos da materia distribúense en catro bloques. Os tres primeiros, o sistema da lingua latina, a historia e evolución da lingua latina e a formación das palabras, poñen o acento en contidos propiamente lingüísticos e gardan unha relación coherente entre eles, contribuíndo, non só a un coñecemento do latín, senón a un uso máis preciso da propia lingua e ao adecuado entendemento da terminoloxía culta, científica e técnica. O bloque 4, vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico, trata os aspectos máis relevantes da sociedade romana e pon o acento na continuidade do mundo clásico que ofrece o mundo contemporáneo, na análise comparativa dos seus correspondentes antecedentes clásicos e na valoración crítica dos aspectos de continuidade, evolución e cambio.

A distribución dos contidos nestes catro bloques implica un tratamento específico e equilibrado del e obriga a situalos nun contexto xeral en que os diversos elementos atopen unha explicación relacionada e coherente.

A funcionalidade e a utilidade dos coñecementos básicos sobre a lingua latina e a cultura clásica en diversos contextos de aprendizaxe guiará o tratamento dos contidos e a selección de obxectivos. Por esta razón, tentarase que o latín, na medida que sirva para a consecución dos obxectivos e desenvolvemento das capacidades e competencias propostos para esta etapa, asente os fundamentos para o estudo, se é o caso, das humanidades ou as ciencias sociais.

## 2. ANÁLISE SOCIOCULTURAL (o contorno do centro e o medio sociocultural).

A elaboración da programación didáctica para a ESO no noso centro nace condicionada pola análise sociolingüística que se realizou para a elaboración do noso PEC.

No proxecto curricular debemos ter en conta as peculiaridades diversas que ofrece o centro educativo onde impartimos os dous ciclos da ESO, na procura dunha maior adecuación entre as propostas curriculares e o contexto socioeconómico e cultural no que se desenvolve o traballo diario docente: o ambiente familiar, as características do noso alumnado, do centro e do contorno que o rodea.

A maioría do alumnos que cursan ESO no CPI Cernadas de Castro, situado no lugar da Silva, Lousame, proceden do medio rural –distintos lugares das parroquias de Tállara,

Aldeagrande, Fruíme, Vilacoba, Lesende e San Xusto. Esta situación xeográfico-social ten a súa repercusión en aspectos socioculturais (poucas oportunidades e posibilidades de desenvolver ocupacións culturais e formativas, etc.) e lingüísticas (maior emprego do galego que nos alumnos/as de procedencia urbana ou mediourbana...), o que se pon de manifesto, ademais, en variadas respostas actitudinais dos propios alumnos e alumnas. Menos da metade dos alumnos realizan actividades de ocupación do tempo libre, sobre todo deportivas e algunhas musicais (bandas de música, coros, grupos de gaitas...) Practican pouco a lectura; por exemplo, os xornais entran todos os días nunha porcentaxe escasa dos fogares, e neses casos moi poucos rapaces len a prensa todos os días ou a fin de semana.

O nivel cultural dos pais, segundo as observacións realizadas para o PEC, é maioritariamente “primario”, só unha pequena parte ten un contexto familiar con estudos superiores e con estudos medios. Este dato influirá no ambiente familiar en relación co estudo e a educación dos fillos, dado que non todos os rapaces van poder recibir no seu fogar a mesma atención educadora nin van poder contar cos mesmos recursos de apoio para o seu traballo formativo diario. Aínda que as expectativas dos pais respecto do futuro profesional dos fillos pasa por apoialos para a realización de estudos medios, cabe pensar que en xeral os/as alumnos/as non reciben na súa casa a atención educadora integral e continua que necesitarían como soporte básico para a súa actividade escolar.

### 3. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO.

A materia de Latín, que este ano se vai impartir en 4º ESO, non ten departamento propio, senón que queda incluído no de Lingua e Literatura Galega, xa que unha profesora do citado departamento será quen actúe como docente: Fátima Miguéns Horta.

A pretensión fundamental é posibilitar ao alumnado un achegamento específico á nosa herdanza clásica, fundamentalmente a partir de contidos lingüísticos, manifestación por excelencia da cultura da que procedemos, que han axudalos a comprender mellor o mundo no que viven e tamén a si mesmos. Desde esta perspectiva, é unha materia imprescindible para o alumnado que vai cursar a opción do bacharelato humanístico, xa que achega as bases dunha materia na que afondarán; de igual modo, axudará aos que sigan outros vieiros a clarificar as raíces da súa propia identidade e a obter unha formación lingüística e cultural que lles facilite a mellora no coñecemento e uso das propias linguas como instrumentos primordiais de aprendizaxe e comunicación.

### 4. MARCO NORMATIVO.

- ✓ Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- ✓ Decreto 324/1996, de 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

- ✓ Decreto 7/1999, de 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- ✓ Orde de 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- ✓ Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (LOE).
- ✓ Real Decreto 806/2006, de 5 de xullo, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación educativa, regulada pola LOE.
- ✓ Decreto 85/2007, de 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego de Convivencia Escolar.
- ✓ Orde do 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Orde de 21 de decembro de 2007, polo que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Orde de 23 de xuño de 2008, que modifica a de 21 de decembro do 2007, pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Circular 8/2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade.
- ✓ Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- ✓ Lei 4/2011, de convivencia e participación.
- ✓ Orde do 13 de xuño de 2014, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2014/2015 nos centros docentes sostidos con fondos públicos.
- ✓ Decreto 229/2011, de 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## II. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

O estudo desta materia contribúe dun xeito claro ao desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística**: o coñecemento da estrutura da lingua latina posibilita unha comprensión profunda da gramática funcional das linguas europeas de orixe romance e doutras que comparten co latín o carácter flexivo, ou recibiron unha achega léxica importante da lingua latina. A interpretación dos elementos morfosintácticos e de vocabulario e a práctica da tradución e da retroversión supoñen a adquisición da habilidade para recoller e procesar a información dada e utilizala apropiadamente. O coñecemento dos procedementos para a formación das palabras e os fenómenos de evolución fonética colabora eficazmente á ampliación do vocabulario básico e potencia a habilidade para utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación. O coñecemento das etimoloxías grecolatinas proporciona a comprensión e incorporación dun vocabulario culto e explica o vocabulario específico de termos científicos e técnicos.

**Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**: o Latín posibilita unha mellor comprensión do espazo xeográfico, social e político que conforman Europa, da cultura común e da influencia doutras que seguen a estar presentes no mundo actual.

O coñecemento da historia e evolución da lingua latina fomenta o ser consciente da variabilidade das linguas a través do tempo e dos diferentes ámbitos xeográficos e sociais, así como do diálogo entre as culturas; igualmente o interese e o respecto por todas as linguas, incluíndo as antigas e as minoritarias, e o rexeitamento dos estereotipos baseados en diferenzas culturais e lingüísticas.

Co coñecemento do patrimonio arqueolóxico e artístico romano no noso país e en Europa esta materia potencia o aprecio e goce da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia, á vez que fomenta o interese pola conservación dese patrimonio. Coa achega de referencias para facer unha valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspiradas na cultura e na mitoloxía grecolatinas, ou das mensaxes difundidas polos medios de comunicación que, en moitos casos, toman a súa base icónica do repertorio clásico. O coñecemento do mundo clásico e da súa continuidade favorece a interpretación da literatura posterior, en que perduran temas, arquetipos, mitos e tópicos, á vez que se desenvolve o interese pola lectura, a valoración do carácter estético dos textos e o amor pola literatura, contribuíndo, pois, ao logro da **competencia en expresión cultural e artística**.

Desde o coñecemento das institucións e o modo de vida dos romanos que é o referente histórico de organización social, a participación dos cidadáns na vida pública e delimitación dos dereitos e deberes das persoas e das colectividades, no ámbito e o contorno dunha Europa diversa, unida no pasado pola lingua latina, sitúase a contribución para lograr a **competencia social e cidadá**.

O coñecemento das desigualdades existentes nesa sociedade favorece unha reacción crítica ante a discriminación pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, ou pola diferenza de sexos. Foméntase así no alumnado unha actitude de valoración positiva da



participación cidadá, da negociación e da aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos.

Coa busca, selección crítica, e tratamento da información, recorrendo a fontes variadas; coa aplicación de técnicas de síntese, coa identificación de palabras clave e coa distinción entre ideas principais e secundarias; elaboración de textos e coa presentación a través de medios informáticos, favorécese a **competencia dixital**, á cal se contribuirá desde todas as materias do currículo. Cómpre facer ver a necesidade dunha utilización crítica das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido.

O estudo do latín, propiciando a disposición e a habilidade para organizar a aprendizaxe, favorecendo as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión, exercitando a memoria mediante a recuperación de datos e situando o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico, favorece a **competencia de aprender a aprender**.

Facilita o logro da **competencia de autonomía e iniciativa persoal** o recurso continuado a procedementos que exixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados implica valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, comprender a forma de corrixilos e non renderse ante un resultado inadecuado. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

Tamén se estimula a **competencia matemática** mediante o desenvolvemento de capacidades xerais como relacionar, inducir e deducir. Ademais a comprensión e valoración de problemas e logros da civilización romana van esixir o emprego e a comprensión dos aspectos cuantitativos de informacións sobre os feitos da súa realidade xeográfica, histórica, social, cultural e conómica. Os traballos que se elaboren precisarán, en ocasións, do uso significativo de nocións de estatística básica, gráficos, táboas e escadas.

## 1. OBXECTIVOS:

Ao longo do curso pretendemos que os alumnos adquiran os seguintes obxectivos xerais:-

- Comprender textos latinos en contextos onde o sentido sexa facilmente deducible.
- Identificar e relacionar elementos morfolóxicos-sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.
- Desenvolver os hábitos de organización, traballo e disciplina no estudo a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de textos latinos.
- Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.
- Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.

-Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos.

-Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus compoñentes etimolóxicos.

-Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.

-Coñecer os aspectos relevantes da cultura e da civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa continuidade no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.

-Coñecer os xéneros literarios latinos máis importantes.

## 2. CONTIDOS.

### 2.1. O sistema da lingua latina

-Ler en latín. O abecedario.

-Categorías gramaticais; concepto e valores dos casos; características dos verbos.

-Morfosintaxe do substantivo: as declinacións.

-Morfosintaxe do adxectivo: tipos e graos.

-Morfosintaxe pronominal: características da flexión pronominal. Persoais e posesivos.

Demostrativos.

-Flexión verbal dos verbos regulares e de *sum*.

-Palabras invariables: morfosintaxe das preposicións; formación de adverbios de modo a partir dos adxectivos.

-Estruturas clausulares básicas.

-Tradución de textos latinos sinxelos ao galego e ao castelán.

-Comparación da estrutura morfosintáctica latina coa da lingua na que se traduce.

-Valoración da lingua latina como principal vía de transmisión e continuidade do mundo clásico e instrumento privilexiado para comprender o sistema das linguas romances.

### 2.2. A historia e evolución da lingua latina

-Orixe do latín: clasificación das linguas indoeuropeas. As linguas derivadas do latín.

-Xeiras na historia da lingua latina.

-Niveis de uso do latín. O latín, lingua de cultura.

- Pervivencia das linguas clásicas. Latinismo, cultismo, semicultismo e palabra patrimonial.
- A achega léxica do latín ás linguas modernas non derivadas del.

### **2.3. A formación das palabras**

- Principais lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina nas linguas nais do discente.
- Definición etimolóxica das palabras. Precisión no uso dos termos. O vocabulario científico e técnico.
- Latinismos de uso máis frecuente.

### **2.4. Vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico**

- Roma antiga: as orixes mitolóxicas. Marco xeográfico e cronolóxico.
- Sistemas políticos en Roma.
- O urbanismo e as vías de comunicación en Hispania e Gallaecia.
- A vida familiar: a familia, a infancia, o matrimonio, o culto aos mortos, a educación, o vestido...Comparación entre a vida familiar romana e a actual.
- Romanización de Hispania e Gallaecia.
- Restos arqueolóxicos clásicos máis importantes do noso contorno.
- Mitoloxía: concepto. Panteón clásico. Estrutura piramidal da sociedade divina. Algúns mitos.
- A relixiosidade clásica: pervivencia actual dos ritos.
- A organización e o cómputo do tempo. Relación entre o calendario e a mitoloxía. Recoñecemento dos elementos do calendario que perviven entre nós. Identificación dos fenómenos astronómicos nos que se fundamenta o calendario.
- Lectura de textos adaptados da literatura latina e outros sobre os distintos aspectos non lingüísticos estudados.

## **3. TEMPORALIZACIÓN.**

Temos organizada a materia en 10 unidades didácticas. O horario semanal para a área de Latín é de tres sesións, tendo cada unha delas unha duración de 50 minutos. Con base nestes aspectos a distribución temporal dos contidos será a seguinte:

Primeiro trimestre: Unidades 1, 2, 3, 4.

Segundo trimestre: Unidades 5, 6, 7.

Terceiro trimestre: Unidades 8, 9 e 10.

A práctica do ensino amosa que, polo xeral, as primeiras unidades do curso seguen un ritmo máis lento, sobre todo cando é o primeiro ano que se cursa unha materia. Cada grupo de alumnos -mesmo cada discente- require unha especificación da programación e polo tanto unha constante revisión da temporalización. Por outra banda, como as explicacións, sobre todo gramaticais e léxicas, mais tamén, en certa medida, do legado latino, veñen en parte esixidas polos textos que se traducen, será bastante frecuente que algúns contidos de unidades didácticas posteriores teñan que ser explicados antes, polo que non parece adecuado dar unha temporalización exacta de cada unidade didáctica, xa que restrinxiría a adaptación ás necesidades e ao ritmo de cada grupo concreto.

Como a aprendizaxe nesta disciplina é progresiva e circular, os obxectivos e contidos dunha unidade supóñense parte da seguinte.

Tendo en conta que o primeiro trimestre é o máis longo e polo tanto o que contén o maior número de días lectivos, tentaranse impartir 4 unidades e deixar tres para os seguintes.

#### 4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Sinalamos os seguintes criterios de avaliación:

1. **Elaborar un traballo de investigación** sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma e o seu itinerario espazo-temporal.

- ✚ Este criterio valora a competencia do alumnado para procurar información en fontes diversas, organizala, situar cronoloxicamente os datos obtidos, interpretar os referentes clásicos en comparación cos seus correspondentes do mundo actual e expoñer o resultado de xeito ordenado e coherente, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento preferente para a presentación do seu traballo. En todo o proceso valorarase o uso das TICs.

2. **Distinguir** nas diversas **manifestacións** literarias e artísticas de todos os tempos a mitoloxía clásica como fonte de inspiración e recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegadas da **romanización**.

- ✚ Este criterio valora se se identifican os principais elementos da mitoloxía clásica e o patrimonio arqueolóxico romano en diversos contextos expresivos, textos literarios e iconografía de calquera tipo, se comprende o seu significado específico, e se advirte o seu valor como fonte de inspiración. Para isto hanse de realizar actividades de busca e procura en fontes diversas, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, ou amosará os seus coñecementos comentando textos, mensaxes ou imaxes de contido mitolóxico ou referencia arqueolóxica.

3. **Identificar** compoñentes de orixe grecolatina en palabras da linguaxe cotiá e no vocabulario específico das ciencias e da técnica, e **explicar** o seu sentido etimolóxico.

- ✚ Este criterio valora a competencia do/a alumno/a para recoñecer os formantes gregos e latinos en diferentes contextos lingüísticos e producir definicións etimolóxicas de termos cotiás, científicos e técnicos.

4. **Aplicar** as **regras** básicas de **evolución fonética** a étimos latinos que deran orixe a termos romances do vocabulario habitual e establecer a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.

- ✚ Este criterio trata de comprobar se o alumno ou alumna ten consciencia de que a lingua que fala e escribe é froito dunha evolución a partir, fundamentalmente, do latín. O alumno ou alumna deberá, entre outras tarefas, relacionar palabras da súa lingua materna ou doutras linguas romances coas súas correspondentes latinas e identificar os trocos producidos no decurso da súa evolución, reparando en como esta se manifesta na morfoloxía, na sintaxe e na semántica.
- ✚ O alumno ou alumna deberá de adquirir así os conceptos de cultismo, semicultismo, palabra patrimonial, substrato, superestrato, adstrato, barbarismo e neoloxismo.
- ✚ É pretensión asemade comprobar en que medida comprendeu a situación do latín entre as linguas indoeuropeas, a das linguas do Estado Español entre as linguas romances, que se fragmentan a partir do latín vulgar, e as pautas que seguiu esa evolución. Isto vai axudar a comprender que as linguas romances do Estado Español son, básica e fundamentalmente, o resultado da evolución do latín, condicionadas por un substrato concreto e polas peculiares achegas xermánicas, árabes, gregas e doutras linguas modernas.
- ✚ Para comprobar o grao de asimilación destes conceptos propóñense os seguintes **exercicios**:

-Relacionar palabras do noso lexico coas súas correspondentes latinas e/ou doutras linguas romances.

- Descubrir que palabra da lingua materna procede dunha latina determinada.

- Identificar os cambios producidos no decurso dunha evolución.

5. **Recoñecer latinismos** e **locucións usuais** de orixe latino incorporadas ás linguas coñecidas polo alumnado e explicar o seu significado en expresións orais e escritas.

- ✚ Este criterio pretende verificar se o/a alumno/a identifica e comprender as expresións latinas integradas nas linguas modernas e se é quen de utilizalas de xeito coherente nas súas composicións escritas.
- ✚ Para a consecución deste criterio propoñemos como tarefas:

- Un traballo de rastreamento das expresións latinas e o seu emprego en determinado tipo de textos, literarios, periodísticos ou mensaxes publicitarias..

- Busca nos medios de comunicación de referencias ao mundo clásico e de citas latinas.

- Elaboración de textos sinxelos nos que se atopen as expresións no seu correcto emprego.

6. **Recoñecer** os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos coas da propia lingua.

✚ Con este criterio trátase de constatar a comprensión do funcionamento básico da lingua latina e a capacidade de establecer analogías e diferenzas con elementos e estruturas da súa propia lingua. Ademais das actividades que axuden a fixar os paradigmas latinos, o alumnado poderá amosar a súa capacidade comprensiva mediante a comparación entre un texto latino e mais a súa tradución, de xeito que identifique as palabra invariables, os distintos morfemas flexivos e as estruturas sintácticas de dúas linguas.

7. **Traducir textos** breves e sinxelos de xeito literal, e resumir o seu contido e identificar neles aspectos históricos ou culturais, e producir mediante retroversión oracións simples empregando as estruturas propias da lingua latina.

✚ Este criterio pretende constatar se o alumnado é competente para comprender o contido dun texto, captar a idea global, resumir e identificar acontecementos, personaxes e aspectos da civilización romana, e relacionar os datos do texto con referentes actuais. Tamén intenta comprobar se asimilou as estruturas morfolóxicas e sintácticas, e se é quen de recoñecelas para efectuar traducións directas ou inversas de textos elaborados de escasa dificultade.

## 5. MÍNIMOS ESIXIBLES.

1. Coñecer as características básicas máis relevantes da morfoloxía e sintaxe latina: declinacións, conxugacións, orde de palabras, ...
2. Recoñecer e identificar, entre outras linguas, as principais linguas romances.
3. Recoñecer e saber facer uso de cultismos, semicultismos, palabras patrimoniais, latinismos e helenismos.
4. Saber usar e comprender os principais sufixos e lexemas que conforman o vocabulario científico e técnico.
5. Identificar os principais sufixos de orixe grecolatina.
6. Localizar espazo-temporalmente a Roma e a súa cultura.
7. Recoñecer as semellanzas e diferenzas existentes na organización social e política entre a Antigüidade e mais o mundo actual.
8. Identificar correspondencias entre costumes, usos e institucións actuais no mundo grecorromano.
9. Recoñecer os mitos grecolatinos e as súas manifestacións na historia e na arte.

10. Coñecer as civilizacións prerromanas da Galiza en concreto e da Península Ibérica en xeral.
11. Identificar a pegada física —edificacións, vías, pontes, ...— de Roma e da romanización cultural na Península Ibérica en xeral e na Galiza en particular.
12. Coñecer as estruturas básicas e unidades do exército romano, así como tamén o seu armamento e intendencia.
13. Recoñecer os xéneros literarios gregos e latinos, xunto coas súas características e autores máis relevantes: épica, dramática, lírica, sátira e oratoria.

## 6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

A lei sinala que “a avaliación será continua e diferenciada segundo as diferentes materias do currículo e levarase a cabo tendo en conta os obxectivos específicos de cada materia”. A avaliación da área de Latín terá en conta esta e todas as demais directrices desta orde, polo que adoptaremos como puntos de partida básicos para a avaliación os seguintes:

- A avaliación será **continua e formativa**. Continua non quere dicir en ningún caso que terá en conta só os resultados finais, senón que, tendo en conta a situación de partida de cadaquén, valoraranse continuamente todos os aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe.

- A necesidade dunha axeitada avaliación inicial. A partir da información recollida, o profesor seleccionará aqueles contidos e obxectivos máis axeitados ás realidades dos escolares e planificará as actividades que lles permitan progresar desde a situación de partida. Esta proba inicial estará baseada sobre todo no aspecto cultural e de civilización grecorromana. Temos que constatar que os nosos alumnos e alumnas se enfrontan por primeira vez a esta materia, polo que os seus coñecementos de lingua latina son ínfimos ou nulos.

Antes do desenvolvemento das unidades **explicaráselles aos alumnos** en que consistirá a avaliación: os instrumentos para avaliar, os aspectos que recibirán atención e criterios de cualificación, influencia de valoracións parciais na valoración final...

A avaliación non se limitará só á adquisición de conceptos, tamén terán unha importancia fundamental as actitudes e os procedementos que permiten, e demostran, a adquisición das competencias.

As sesións de avaliación na área de Latín para os alumnos ordinarios de ESO serán tres e terán a seguinte distribución:

1ª avaliación.....decembro.

2ª avaliación.....marzo.

3ª avaliación..... xuño.

Ademais, celebrarase unha sesión de avaliación extraordinaria en setembro, nas datas que fixe a Consellería e o centro, para os alumnos que non superasen a avaliación final ordinaria de xuño.

## 7. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

**Os instrumentos** ou medios dos que nos imos servir para valorar o proceso de avaliación continua son os seguintes:

1. Os exames tradicionais ou probas obxectivas, un como mínimo por cada avaliación. Os exames poderán tratar aspectos de diverso tipo: de desenvolvemento dun tema, de paráfrase ou comentario de textos, de tradución, exercicios gramaticais de recoñecemento de formas e funcións, establecemento de paradigmas nominais e verbais, etc.
2. Probas periódicas escritas en exames de curta duración ou, no seu caso, preguntas orais, que non necesariamente haberán de ser avisadas ao alumnado, para a aprendizaxe da morfoloxía, co gallo de levar un estudo continuo da materia.
3. Traducións, sexa na casa sexa na aula, de xeito continuado para a aprendizaxe da sintaxe e das técnicas de tradución. Estas traducións no ámbito individual servirán tamén para conseguir unha clase aberta e unha participación importante do alumnado cando estas se comenten e corríxan na clase.
4. Traballos monográficos ou en grupo, escritos ou orais (exposición dun tema, participación en sesións de debate, etc.)
5. Teremos en conta aspectos como o traballo na casa e na aula, a atención, a asistencia, a puntualidade, o traballo en grupo, o coidado do material o o respecto, para o cal o profesor botará man da observación sistemática e do rexistro continuo de datos no seu caderno.

## 8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

A cualificación dos alumnos pretende reflectir unha valoración do grao de consecución dos obxectivos tendo en conta todo os tipos de contidos e o grao de adquisición das competencias.

Os/as alumnos/as recibirán unha cualificación por trimestre que pretende valorar equitativamente todos os tipos de contidos:

- Polas probas realizadas ao longo do trimestre poderán obter un máximo de 7 puntos. É imprescindible acadar 3 puntos neste apartado para sumar os demais e poder aprobar a avaliación.



- Traballos de investigación que logo exporán na aula e exercicios de repaso da materia impartida: 2 puntos.

- Comportamento na aula e actitude ante a materia, traballo diario na aula e na casa: 1 punto.

Para superar a materia o alumnado deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada unha das avaliacións. No caso de non superar algunha poderá ser recuperada en xuño.

## 9. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA.

Ademais do traballo cos textos introdutorios de cada unidade, a profesora ten previstas as seguintes actividades para contribuír ao proxecto lector:

1. Lectura, a comezo ou final da sesión (ó redor de 5 ou 10 minutos), por parte do profesor, e co fin de despertar no alumnado a curiosidade, dun fragmento motivador dunha obra literaria, aproveitando diferentes motivos: a publicación dun libro, a concesión dun premio a un escritor, a súa relación cun aspecto que se está tratando na aula, a celebración de datas como o Día da paz, o Día mundial da poesía...

2. Lectura dunha selección de textos de autores clásicos latinos.

3. Nalgunhas sesións o profesor presenta cuestións moi diversas arredor dun mesmo tema que os alumnos deben resolver utilizando distintas fontes documentais (atlas, libros de texto, webs...) na biblioteca do centro.

4. Dende a nosa área tentaremos colaborar co club de lectura da biblioteca "Á lus de San Finx"

## 10. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC.

O Decreto 133/2007, no seu anexo VI, regula os plans de integración das tecnoloxías da información e a comunicación nos centros e o último parágrafo do apartado 7 d) da Orde do 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece que, nas programacións didácticas de cada unha das materias, quedará expreso o tratamento de fomento das Tecnoloxías da información e da comunicación.

Dende a área de Latín colaborarase, ao longo do presente curso, no fomento da utilización das novas tecnoloxías relacionadas coa información e a comunicación. Neste sentido, estas son as actuacións previstas máis salientables:

- Busca de información sobre cuestións, sobre todo relacionadas coa materia, en páxinas web facilitadas polo profesor

-Elaboración de actividades interactivas e visionado de fotografías e vídeos por parte do alumnado, relacionadas cos contidos impartidos e que aparecen no CD do libro de texto.

- Participación en webquest e outras actividades, mesmo xogos, sempre relacionados cos contidos da materia e baixo a guía e supervisión do profesor na aula de informática.
- Participación nas bitácoras relacionadas co centro (Blogdasilva e outros) ou alleas a el, onde exporán as súas opinións e achegas sobre distintos temas, co fin de traballar os distintos tipos de texto.
- Participación na páxina do centro, onde se introducirán as distintas actividades realizadas ao longo do curso.
- Participación nos blogs de clubs de lectura, onde os rapaces farán recensións e comentarios sobre os libros .
- Visitaremos páxinas web doutros centros e comprobaremos o grao de desenvolvemento de cada una delas con respecto á do noso.
- Elaboración de traballos expositivos en power point (irase facendo de maneira progresiva e segundo o desenvolvemento dos alumnos).

## 11. PROCEDIMIENTO PARA A CUALIFICACIÓN DE MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO ALUMNADO QUE SEGUE PROGRAMAS DE REFORZO CON ATRIBUCIÓN HORARIA.

Por ser o primeiro ano que o alumno estuda esta materia non se poden atopar alumnos con ela pendente e tampouco alumnado con programas de reforzo con atribución horaria.

### **III. PLAN DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DO ALUMNADO SEN REFORZO.**

Por ser o primeiro curso no que se oferta esta materia non é posible que haxa alumnos coa materia pendente de cursos anteriores.

#### **IV. ASPECTOS XERAIS.**

Dada a amplitude e minuciosidade con que se trataron todos os apartados nesta programación, e por outra parte, dada a concreción deste apartado, só nos deteremos a comentar algúns aspectos relacionados coa súa redacción e a posta en práctica.

-En primeiro lugar, non existe departamento de Clásicas propiamente dito, xa que a materia de Latín vai ser impartida por unha profesora de Lingua e Literatura Galega, razón pola cal esta programación está incluída na programación da área de Lingua e Literatura Galega.

-Nun comezo o número de alumnado que vai cursar este ano Latín vai ser de 8 alumnas/os, polo que, ao ser un grupo reducido, esperamos poder traballar moito e ben.

## V. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

A aprendizaxe ten que ser significativa polo seu gran potencial para a retención do *aprendido e, xa que logo, para a súa aplicación. A aprendizaxe repetitiva, pola contra, ten un poder de retención moi limitado: obriga a repasar unha e outra vez os mesmos conceptos básicos que non rematan de asumirse nin de saber aplicarlos ben. A aprendizaxe significativa tamén pode caer no esquecemento, máis recupérase de contado e dun xeito duradeiro en canto se asumen os mecanismos que conforman o concepto.*

Existen hoxe en día estratexias que favorecen a graduación e mais a evolución positiva da aprendizaxe, como poden ser: a versatilidade das actividades e a autonomía da aprendizaxe. Hai moitos momentos nos que cómpre diferenciar actividades por grupos de alumnos e alumnas ou adaptar a dificultade dunha actividade dada. A autonomía da aprendizaxe favorece a madurez do alumnado e potencia o nivel de aprendizaxe grazas ao tempo e a atención específica de que goza. A creatividade permite desenvolver a aprendizaxe autónoma.

Do mesmo xeito, dado que o galego e o castelán proceden do latín que van aprender, dado que a meirande parte do alumnado coñece unha ou dúas linguas máis, adquire importancia a idea da contrastación. O contraste e mais as diferencias e semellanzas entre o galego e o latín van favorecer unha aprendizaxe firme de ambas as dúas linguas.

Imos ter en conta os seguintes postulados básicos na nosa metodoloxía:

- **Carácter integral.** A materia non é unha morea de compartimentos estancos. Cómpre defender a necesidade dunha relación importante entre lingua e cultura, en todas as súas partes. E ao planificar os contidos por unidades didácticas, faise con este criterio, de xeito que o alumno ou alumna repare perfectamente nesa interrelación.
- **Carácter gradual.** Todos os contidos selecciónanse e gradúanse segundo uns criterios específicos e razoados. A selección abrangue o noso concepto de integración.
- **Motivación.** A realidade do noso alumnado e a mala fama que foron adquirindo os nosos estudos ponos na obriga de facer un esforzo especial na motivación. Isto non significa trivializar os contidos, senón, e sobre todo, enriquecer os mecanismos de interacción na aula e aplicar procedementos para a significatividade. Deste xeito, o profesor non debe monopolizar a acción educativa. Cómpre eliminar a clase maxistral. Platón dicía que a fonte do saber non está na memoria, senón no diálogo por medio de preguntas e respostas, *more socratico*. Cómpre acadar unha conexión coas vidas dos nosos alumnos e alumnas, e viceversa. É preferible a aprendizaxe inductiva, deixar que erren, facerlles referencias actuais, ofrecer axuda contextual o máis posible, provocarles curiosidade, espertar os seus sentimentos, potenciar a súa creatividade e imaxinación. Tamén, cómpre educar en actitudes, seguindo o novo ideal pedagóxico. É moito máis rendible para a motivación. A atención á diversidade e unha avaliación formativa tamén deberían axudar abondo.

Cómpre, xa que logo, conseguir a motivación intrínseca. Esta motivación supón un reforzo da autoestima, unha mellora do autoconcepto e unha boa interacción na aula. Os defectos nestes tres aspectos repercuten nos problemas de motivación.

- **Avaliación formativa e tratamento dos erros.** É importante facer uso da avaliación formativa, que nos dea información cualitativa sobre o proceso educativo e cómpre ter en conta que se aprende cos erros e dos erros. Os erros poden afectar en maior ou menor medida á consecución dos obxectivos, entendidos como capacidades. Podemos falar en primeiro lugar dos erros propriamente ditos e dos descoidos. Non podemos esixir a perfección. E nunca se debe esquecer que os erros poden estar provocados por defectos no proceso de ensino.  
Non é preciso sermos exhaustivos na análise dos erros, malia que nalgúns momentos do curso sexa necesario. Entre os mecanismos de superación das deficiencias detectadas cómpre potenciar a autocorrección do alumno ou alumna. É consonte co principio didáctico da autonomía da aprendizaxe. O seu desenvolvemento permite crear mecanismos de autocontrol da aprendizaxe.
- **Importancia dos procedementos e estratexias da aprendizaxe.** A variedade de actividades é fundamental para conquistar unha aprendizaxe. Ademais, non podemos esquecer o carácter gradual e é mester unha ordenación das actividades so este criterio: do máis sinxelo e dodado ao máis complexo e difícil.

Outros procedementos salientables son os relacionados coa **comparación lingüística** e cultural. O traballo de grupos de palabras de varias linguas axuda moito a coñecer as igualdades e diferenzas entre as linguas clásicas e as modernas (neolatinas ou doutra procedencia). As igualdades estreitan os elos históricos e culturais entre o mundo antigo e o actual. Son un elemento do noso carácter integrador. As diferenzas discriminan e clarifican as características propias de cada idioma.

As actividades lúdicas son abondo motivadoras, aínda que é necesario saber dosificalas e tamén aplicalas nun contexto didáctico cuns obxectivos concretos.

Durante a ESO, o alumnado, aínda que quizais de xeito elemental, entra en contacto coa lingua latina na materia de Latín, se a cursa, e con certos aspectos desta en disciplinas como as Ciencias Sociais, a Xeografía e a Historia ou na optativa de Cultura Clásica, tamén se chega a cursala.

A didáctica do latín ten unhas características moi específicas. Esta é, en efecto, unha lingua moi gramatical, ateigada de idiomatismos, que require un elevado grao de lóxica e método. No latín non se pode deixar nada ao chou. A nosa mente ten que seguir, sen afastarse nin un chisco, os rigorosos vieiros da razón, elaborando a cotío hipóteses diversas que se irán desbotando ate chegar á única solución posible. Por descontado, isto supón que temos que adestrar a nosa mente, obrígala a reflexionar, mais tamén que, para simplificar algo a nosa tarefa, cómpre crearmos unhas respostas automáticas, a xeito de reflexos condicionados, que permitan progresar de xeito máis rápido ate a meta final.

Os aspectos máis salientables da nosa proposta vanse resumir no seguinte:

- ✓ Facilitar o acceso de todo o mundo á educación común, coas medidas necesarias de atención á diversidade.
- ✓ Atender os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

- ✓ Favorecer a capacidade de aprender por si mesmos e promover o traballo en equipo.
- ✓ Procurar a adquisición e o desenvolvemento das competencias básicas, axeitando o seu logro progresivo ás características do alumnado do curso e da materia.
- ✓ Predispór e reforzar o hábito de lectura con textos seleccionados a tal fin.
- ✓ Desenvolver a comprensión lectora e a expresión oral e escrita.
- ✓ Incidir, asemade, na comunicación audiovisual e no uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

## VI. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Tendo en conta os aspectos da nosa programación (obxectivos, contidos e a súa secuenciación, a metodoloxía...), a profesora considerou axeitada a elección dos materiais que ofrece Edicións Anaya.

O alumnado dispón, polo tanto, do libro **Latín 4, Anaya**.

Ademais diso, empregárase outro tipo de material didáctico, velaquí unha mostra del:

- Blog do Departamento de Lingua e Literaruta Galega (Blogdasilva).
- Documentais en DVD, sobre os aspectos máis salientables da Historia e da cultura latinas.
- Canón Proxector e Ordenador Portable.
- Fotocopias.
- Transparencias da Morfoloxía e da Sintaxe.
- Dicionarios de todo tipo: das diferentes linguas modernas e clásicas, e etimolóxicos.
- Prensa escrita.
- Textos clásicos (en latín, galego e/ou castelán ou bilingües).
- Textos especializados científicos e técnicos.



## VII. PROGRAMACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS.

Na liña dunha concepción integral da educación, a educación cívico-social e moral son fundamentais para procurar que os nosos alumnos e alumnas acaden comportamentos responsables na sociedade respectando as ideas e crenzas dos demais.

Isto conleva que na nosa materia incorporemos temas, que, non sendo propios dunha disciplina en concreto, son imprescindibles en toda relación humana de igualdade. É o que denominamos Transversalidade ou Temas transversais.

O ensino dos temas transversais supón fundamentalmente a adquisición de contidos de valor. Mais isto require un proceso axeitado:

- Achegamento ao valor, para coñecelo e descubri-lo como tal e apreciá-lo.
- Libre elección das crenzas e condutas entre varias alternativas, logo de considerar as consecuencias, e unha seria adhesión a elas.
- Incorporación do valor á conduta, ata obrar habitualmente consonte con el.

### **Educación moral e cívica**

A materia de latín pode propiciar:

- A valoración das diferenzas existentes entre as distintas linguas como manifestación da riqueza cultural.
- A valoración crítica da pervivencia de costumes e elementos socioculturais do mundo clásico na sociedade occidental actual.
- O aprezo do patrimonio artístico procedente da época clásica e disposición favorable a asegurar a súa conservación e defensa.
- O respecto e valoración da achega romana á cultura actual do Estado Español.
- O interese cara á civilización romana como forma de vida e organización social, provocando un interese pola lectura de textos clásicos sobre estes temas e a concienciación por parte do alumnado da influencia do mundo clásico nos sistemas de organización social actuais.

### **Educación para a paz**

Cos distintos temas que imos tratar, trataremos de fomentar:

- O aprezo e valoración da diversidade lingüística e cultural do Estado Español como mostra da diversidade e riqueza culturais.
- O interese e predisposición a acadar os obxectivos particulares con métodos pacíficos e baseados no respecto.
- O respecto polas ideas e opinión alleas.

-O respecto pola diversidade lingüística europea e, en concreto, da diversidade lingüística do Estado Español co fin de procurar a paz e a harmonía entre os pobos.

-O interese de cara á civilización romana como forma de vida e organización social, provocando un interese pola lectura de textos clásicos sobre estes temas e a concienciación por parte do alumnado da influencia do mundo clásico nos sistemas de organización social actuais.

-O respecto e a valoración da diversidade histórica e cultural do Estado Español, debida en parte ás consecuencias da Romanización, como unha realidade distintiva e enriquecedora do noso patrimonio colectivo.

### **Educación para a saúde**

Cos distintos textos, tentaremos conseguir:

-O respecto cara a todo o relacionado coa arte a cultura e a medicina: da cultura clásica en particular e de toda ela en xeral.

-A valoración do coidado corporal e da saúde, tanto física como psíquica, coma un valor fundamental actual herdado da cultura grecolatina.

### **Educación para a igualdade entre os sexos**

Dende a materia, trataremos de conseguir:

-O rexeitamento diante de calquera situación, da vida cotiá e da relación social, de discriminación por razón de sexo.

-O interese por solucionar os feitos discriminatorios que se vaian presentando ao longo da vida.

-A valoración da igualdade de oportunidades de ambos os sexos.

-O respecto ao sexo oposto en todo momento e diante de calquera situación.

-A valoración crítica de institucións, crenzas e formas de vida da cultura clásica dende a perspectiva sociocultural actual, provocando un hábito de reflexión diante dos aspectos que denoten calquera tipo de discriminación.

### **Educación ambiental**

Neste caso podemos propiciar a valoración da diversidade e riqueza do noso patrimonio histórico-artístico procedente do mundo clásico e fomentar unha disposición favorable a actuar na súa defensa e conservación.

## VIII. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

Un dos principios básicos que o profesor debe ter en conta na aula é a individualización da aprendizaxe, partindo sempre da situación inicial de cada alumno ou alumna en concreto. Este, de xeito único e individual, ha de ter ao seu alcance unha educación baseada na súa motivación, intereses e capacidades de aprendizaxe.

Propoñemos así axectar a nosa axuda pedagóxica a cada alumno e alumna en concreto, escoller coidadosamente os recursos didácticos e variar sempre que sexa preciso a nosa estratexia metodolóxica.

Propoñemos levar a cabo unha metodoloxía diversa, baseándonos:

- En alternar o traballo individual e en pequenos grupos.
- En realizar un seguimento diario do alumnado con dificultades.
- En utilizar material didáctico que responda aos seus intereses e, sobre todo, práctico.
- En non comparar ao alumno ou alumna co grupo.
- En todo momento, estarase aberto á realización de pequenas adaptacións, se fose preciso. Para isto seguiremos unhas pautas de traballo: determinación de que é o que o alumno ou alumna non consegue facer, determinación dos contidos a traballar e a metodoloxía a utilizar e comprobación mediante a avaliación de cales foron os obxectivos acadados.

Para dar resposta a esta diversidade proporase a realización de actividades ou exercicios axeitados, co gallo de afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados na unidade, tendo en conta que:

- Para o alumnado que amose problemas na asimilación dos diversos contidos, hanse de preparar exercicios de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos; para os temas culturais esixiráselle a realización de lecturas breves e esquemas destas, sempre acompañadas da axuda do profesor.
- Namentras se realizan estas actividades de recuperación, aqueles alumnos e alumnas que xa acadaran satisfactoriamente os contidos propostos realizarán tarefas preparadas de antemán para afondar neles, como realización de pequenos traballos de investigación na Biblioteca ou en Internet sobre temas culturais, traducións ou lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionado co tema, mediante dicionarios ou textos axeitados.

Vaise conceder grande importancia en todo momento ao traballo persoal e individual, en concreto aplicárase nas actividades de consolidación, así como nas de recuperación e ampliación.

## **IX. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

As actividades están destinadas a contribuír á formación integral dos alumnos/as e a servir como complemento do seu traballo propiamente escolar. Á hora de organizar estas actividades hai que ter en conta tamén as características que ofrece o contexto socioeconómico e cultural en que se desenvolve o noso traballo docente: o ambiente familiar, as peculiaridades do alumnado, do centro e do contorno (vid. apartado correspondente).

Tendo en conta que esta é a segunda vez que o Departamento de Galego imparte a materia de Latín e que tampuco a houbo en cursos académicos anteriores, non dispomos aínda de suficiente información para planificar de maneira adecuada un número considerable de actividades extraescolares, razón pola cal propomos as seguintes, algunhas comúns ao departamento.

-Asistencia a obras de teatro en Santiago ou comarca.

-Colaboración nas actividades do Equipo de Dinamización Lingüística e do Equipo de Biblioteca-clubs de lectura.

-Celebracións do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o Día escolar da non Violencia e da Paz, Día do libro, Semana da Prensa e Semana das Letras Galegas, datas escollidas para conmemorar dun xeito conxunto todo o centro.

-Excursión a Lucus Augusti (Lugo) de un día de duración.

En todo caso, calquera actividade que xurda ao longo do curso será obxecto de valoración por parte da profesora e levarase a cabo, sempre e cando as circunstancias así o permitan.

## **X. PROGRAMACIÓN DA MATERIA PARA 4º ESO.**

### **UNIDADE 1**

#### **COMPETENCIAS BÁSICAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

**- Competencia en comunicación lingüística:**

- Sabe ler de forma comprensiva a unidade e os textos propostos.
- Sabe realizar as actividades de expresión oral e escrita propostas na unidade.
- Comenta os textos latinos traducidos sobre a historia do alfabeto latino.
- Le textos latinos en voz alta na clase.
- Relaciona os coñecementos lingüísticos adquiridos en latín coa súa lingua materna e con outras linguas que coñeza.

**- Competencia en aprender a aprender:**

- Realiza traballos que impliquen busca, selección, tratamento e exposición da información.
- Valora os traballos, probas e actividades realizadas, subliñando os seus logros e analizando os seus erros.
- Realiza esquemas a partir de exposicións e de textos e desenvolve redaccións a partir dun enunciado.

**- Competencia en autonomía e iniciativa persoal:**

- Planifica traballos individuais e en grupo que supoñan un proceso de análise, formulación, desenvolvemento e exposición.

**- Competencia en tratamento da información e competencia dixital:**

- Sabe acceder a todo tipo de información (escrita, sonora, audiovisual, etc.) a través das TIC.
- Selecciona a información obtida a través das TIC.
- Elabora e prepara traballos individualmente e en grupo empegando as TIC.

**- Competencia cultural e artística:**

- Coñece, analiza e valora mediante o estudo da historia da lingua latina e do alfabeto latino as manifestacións culturais e artísticas relacionadas con eles.

**- Competencia social e cidadá:**

- Desenvolve unha actitude tolerante e de respecto ante a diversidade de linguas.

## **OBXECTIVOS**

- Situar a lingua latina histórica e xeneticamente.
- Coñecer o alfabeto latino e a súa clasificación.
- Coñecer o concepto de evolución fonética, de palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, os conceptos de composición e derivación e o significado do concepto de latinismo.
- Desenvolver as competencias básicas a través dos textos.

## **CONTIDOS**

### **1. Historia da lingua latina**

- Coñecemento da orixe e as principais fases da historia da lingua latina.
- Valorar a historia das linguas como orixe de diversidade e cultura da sociedade actual.

### **2. O alfabeto latino**

- Coñecemento do alfabeto latino, da súa pronuncia e principais normas fonéticas.
- Interese polo coñecemento do alfabeto latino como instrumento de cultura e unidade entre os pobos.

### **3. A formación do léxico nas linguas romances**

- Coñecemento do concepto de evolución nas linguas, dos conceptos de palabra patrimonial, cultismo e semicultismo, de composición e derivación e do concepto de latinismo.
- Interese pola influencia do latín na lingua propia do alumno como instrumento de precisión léxica.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Recoñece a orixe da lingua latina e as principais fases da súa historia.
- Recoñece os tipos de escritura, coñece o alfabeto latino e a súa pronuncia e as súas principais regras fonéticas.
- Recoñece os conceptos de evolución fonética, palabra patrimonial, cultismo e semicultismo, composición e derivación e latinismo.
- Realiza de forma correcta as actividades de desenvolvemento de competencias propostas na unidade.

## **CONTIDOS MÍNIMOS**

- Coñece a orixe e principais fases da historia da lingua latina.
- Coñece o alfabeto latino: grafías, pronunciación e principais normas fonéticas.

## **TEMPORALIZACIÓN**

3 semanas ou 9 sesións.

## **MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS**

- Libro do alumno.
- Fichas fotocopiáveis de tratamento da diversidade e textos complementarios.
- CD de avaliación.
- Contidos da páxina [www.anayadigital.com](http://www.anayadigital.com).
- Lectura doutros textos non incluídos na unidade.

## UNIDADE 2

### COMPETENCIAS BÁSICAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- **Competencia en comunicación lingüística:**

- Le de forma comprensiva o tema da cidade de Roma.
- Realiza as actividades de expresión oral e escrita sobre a cidade de Roma.
- Realiza as actividades de coñecemento da morfosintaxe nominal e a primeira declinación.
- Le en voz alta e comenta os textos latinos traducidos sobre o emprazamento de Roma (Tito Livio).
- Define o léxico latino e palabras relacionadas con el na súa propia lingua.
- Coñece o significado e usa os latinismos propostos.
- Aplica as regras de perda de *-m* final e apócope de *-e* a palabras latinas.
- Identifica os principais prefixos de orixe latino no léxico propio e sabe definir palabras a partir deles.
- Traduce as oracións propostas e o texto sobre Roma e as súas provincias con corrección léxica e morfosintáctica.
- Relaciona os coñecementos lingüísticos adquiridos en latín coa lingua propia do alumno e outras linguas que coñeza.

- **Competencia en aprender a aprender:**

- Avalía os traballos, probas e actividades realizadas, subliñando os logros e analizando os erros co fin de mellorar o proceso de aprendizaxe.

- **Competencia en autonomía e iniciativa persoal:**

- Manifiesta as propias opinións sobre a fundación, emprazamento e características dunha cidade.

- **Competencia en tratamento da información e competencia dixital:**

- Busca información e realiza un traballo sobre algunha das características da cidade de Roma a partir de páxinas de Internet.



- **Competencia cultural e artística:**

- Realiza traballos individualmente ou en grupo sobre aspectos culturais relacionados co texto “Roma e as súas provincias”.

- **Competencia social e cidadá:**

- Desenvolve competencias sociais mediante a realización de traballos en equipo (participación, proposta das propias ideas, aprender a escoitar ao outro, aprender a decidir en grupo, aprender dos demais, etc.).

- **Competencia matemática:**

- Aplica correctamente a lóxica interna da técnica da tradución estudada na unidade.

- **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:**

- Interpreta e analiza mapas, sitúa xeograficamente a cidade de Roma e Italia e analiza os aspectos do mundo físico que aparecen no estudo da cultura e os textos estudados.

## **OBXECTIVOS**

- Situar a cidade de Roma no seu contexto xeográfico e histórico.

- Coñecer as clases de palabras, a súa estrutura, as categorías gramaticais dos nomes latinos.

- Identificar os casos latinos e a súa función, así como as cinco declinacións latinas.

- Coñecer a morfoloxía da primeira declinación e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.

- Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas.

- Coñecer léxico latino da primeira declinación e a súa achega ao léxico da lingua materna do alumno e doutras linguas modernas.

- Coñecer os latinismos de uso frecuente.

- Coñecer a evolución fonética do latín ao castelán, catalán e galego.

- Identificar e coñecer o significado que achegan os principais prefixos de orixe latino no léxico da propia lingua.

-Desenvolver as competencias básicas a través das actividades e textos propostos.

## **CONTIDOS**

### **1. Legado**

#### **1.1. O emprazamento de Roma.**

- Emprazamento xeográfico de Roma en Italia.
- Valorar a xeografía como elemento clave na historia.

#### **1.2. A cidade de Roma.**

- Emprazamento histórico da fundación de Roma.
- Actitude crítica ante as lendas de contido histórico e os elementos constitutivos das cidades.

### **2. Lingua**

**2.1. As palabras:** As clases de palabras. Palabras variables e invariables. As partes da palabra. O xénero, o número e o caso.

- Distinción das palabras variables e invariables. Identificación das partes que compoñen unha palabra. Recoñecemento das categorías gramaticais que afectan a nomes latinos.
- Interese polo coñecemento da morfoloxía da palabra e valoración do coñecemento da morfoloxía para un mellor uso da propia lingua.

**2.2. Os casos latinos:** Os casos e as declinacións en latín.

- Recoñecemento dos casos latinos e as súas funcións e identificación das cinco declinacións latinas.
- Interese polo coñecemento da morfoloxía e valoración do seu coñecemento para un mellor uso da propia lingua.

**2.3. A primeira declinación:** A primeira declinación latina.

- Identificación das palabras da primeira declinación, das súas desinencias e das súas funcións na oración. Enunciado de palabras da primeira declinación.
- Interese polo coñecemento da morfoloxía e valoración do seu coñecemento para un mellor uso da propia lingua.

**2.4. A tradución**

- Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas.
- Interese polo coñecemento da morfoloxía e sintaxe latina como instrumento para o uso correcto da propia lingua.

- Aprecio pola correcta interpretación dos textos.

### **3. Léxico**

#### **3.1. Aprendemos vocabulario:** Substantivos da primeira declinación.

- Identificación, definición e clasificación do léxico da 1.<sup>a</sup> declinación estudado na unidade e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos da propia lingua, de linguas romances ou do inglés.
- Valoración do coñecemento do léxico latino para o coñecemento da orixe do léxico da propia lingua e o seu uso correcto (ortográfico, semántico, etc.).

#### **3.2. Coñece mellor o latín:** Estudo de latinismos de uso frecuente.

- Definición e emprego correcto na propia lingua dos latinismos estudados.
- Interese pola precisión que achegan os latinismos na expresión de conceptos na propia lingua.

#### **3.3. A evolución do latín ás linguas romances:** Estudo da evolución fonética do latín: perda de *-m* final e apócope de *-e* final.

- Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.
- Interese por coñecer a orixe latina do vocabulario da propia lingua e os cambios fonéticos que tiveron lugar.

#### **3.4. A creación de novos termos:** Principais prefixos de orixe latina.

- Identificación no léxico da propia lingua e coñecemento do significado que achegan os principais prefixos de orixe latina estudados.
- Interese polo coñecemento do significado que achegan os prefixos latinos ao léxico da propia lingua e o seu correcto emprego.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Sabe situar Roma xeográfica e historicamente e analiza criticamente as distintas influencias que o xeográfico e o histórico ou lexendario tiveron na cidade de Roma, así como dos elementos que a conforman.
- Coñece as clases de palabras, identifica os seus compoñentes e as categorías gramaticais que afectan ao nome.
- Recoñece os casos latinos e identifica a súa función. Recoñece as cinco declinacións latinas polas súas marcas morfolóxicas.

- Identifica as palabras latinas da primeira declinación polo seu tema e enunciado. Recoñece as desinencias casuais da primeira declinación e as funcións que desempeñan. Sabe enunciar palabras da primeira declinación.
- Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión.
- Coñece o léxico latino da 1.ª declinación estudado na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico da propia lingua ou doutras linguas romances ou o inglés.
- Emprega correctamente os latinismos estudados na lingua propia.
- Identifica e aplica correctamente as regras fonéticas estudadas ao léxico latino ata chegar ao léxico propio.
- Identifica os prefixos de orixe latina estudados no léxico da súa propia lingua e coñece o significado que achegan.

## **CONTIDOS MÍNIMOS**

- Emprazamento xeográfico e histórico de Roma.
- Léxico: Identificación do léxico da 1.ª declinación estudado na unidade e dos principais prefixos de orixe latina. Latinismos e normas de evolución do latín ás linguas romances estudados na unidade.
- Lingua: Identificación das clases de palabras, as categorías do nome, casos e declinacións en latín. Coñecemento e identificación da primeira declinación latina.
- Textos: Aplicación na tradución e no comentario de textos das aprendizaxes básicas da unidade.

## **TEMPORALIZACIÓN**

3 semanas ou 9 sesións.

## **MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS**

- Libro do alumno.

- Fichas fotocopiáveis de tratamento da diversidade e textos complementarios.
- CD de avaliación.
- Contidos da páxina [www.anayadigital.com](http://www.anayadigital.com).
- Lectura doutros textos non incluídos na unidade.

## UNIDADE 3

### **COMPETENCIAS BÁSICAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

#### **- Competencia en comunicación lingüística:**

- Le de forma comprensiva o tema da historia de Roma.
- Realiza actividades de expresión oral e escrita en relación co tema da historia de Roma.
- Sabe realizar as actividades de coñecemento da morfosintaxe da segunda declinación e dos adxectivos 2-1-2.
- Sabe facer un comentario de texto sobre as conquistas de Augusto.
- Define o léxico latino e palabras relacionadas con el na súa lingua.
- Coñece o significado e usa os latinismos propostos.
- Aplica regras de *-u* final átona e *s-* inicial ante consoante.
- Identifica os principais sufixos de orixe latina no léxico da súa propia lingua e sabe definir palabras a partir deles.
- Traduce as oracións propostas e o texto sobre Augusto á lingua do alumno con corrección léxica e morfosintáctica.
- Relaciona os coñecementos lingüísticos adquiridos en latín coa sua propia lingua e con outras linguas que coñeza.

#### **- Competencia en aprender a aprender:**

- Realiza os traballos de busca de información sobre os personaxes propostos e exposición da información encontrada.
- Realiza esquemas do tema de historia de Roma.

#### **- Competencia en autonomía e iniciativa persoal:**

- Elabora os traballos propostos na unidade e exponos individualmente.

#### **- Competencia en tratamento da información e competencia dixital:**

- Selecciona a información obtida a través das TIC sobre Suetonio e a súa obra.

#### **- Competencia social e cidadá:**

- Desenvolve competencias sociais mediante a realización de traballos en equipo (participación, exposición das propias ideas, aprender a escoitar ao outro, aprender a decidir en grupo, aprender dos demais, etc.).
- **Competencia matemática:**
- Aplica correctamente a lóxica interna da técnica da tradución de oracións sinxelas do latín á súa propia lingua.

## **OBXECTIVOS**

- Coñecer o marco histórico xeral da historia de Roma.
- Coñecer a morfoloxía da segunda declinación e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.
- Coñecer a morfoloxía dos adxectivos 2-1-2 e a súa concordancia.
- Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas, especialmente no relativo á concordancia.
- Coñecer léxico latino da segunda declinación, así como adxectivos 2-1-2 e a súa achega ao léxico da lingua materna do alumno y doutras linguas modernas.
- Coñecer os latinismos de uso frecuente.
- Coñecer a evolución fonética do latín ao castelán, catalán e galego.
- Identificar e coñecer o significado que achegan os principais sufixos de orixe latina no léxico da propia lingua.
- Desenvolver as competencias básicas a través dos textos.

## **CONTIDOS**

### **1. Legado**

#### **Historia de Roma.**

- Recoñecemento do marco histórico de Roma e dos seus principais períodos.
- Interese pola historia de Roma como parte esencial da propia historia.

## 2. Lingua

### 2.1. A segunda declinación. Substantivos

- Identificación das palabras da segunda declinación, das súas desinencias e das súas funcións na oración. Enunciado de palabras da segunda declinación.
- Interese polo coñecemento da morfoloxía e valoración do seu coñecemento para un mellor uso da propia lingua.

### 2.2. Os adxectivos 2-1-2

- Identificación dos adxectivos 2-1-2 latinos, da súa morfoloxía e das súas funcións na oración. Enunciado de adxectivos 2-1-2.
- Interese polo coñecemento da morfoloxía e valoración do seu coñecemento para un mellor uso da propia lingua.

### 2.3. A tradución

- Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas, con especial interese na concordancia.
- Interese polo coñecemento da morfoloxía e sintaxe latina como instrumento para o uso correcto da propia lingua.
- Aprecio pola correcta interpretación dos textos.

## 3. Léxico

### 3.1. Aprendemos vocabulario: Substantivos da segunda declinación e adxectivos 2-1-2.

- Identificación, definición e clasificación do léxico da 2.<sup>a</sup> declinación e dos adxectivos 2-1-2 estudado na unidade e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos da propia lingua, de linguas romances ou do inglés.
- Valoración do coñecemento do léxico latino para o coñecemento da orixe do léxico da propia lingua e o seu uso correcto (ortográfico, semántico, etc.).

### 3.2. Coñece mellor o latín: Estudo de latinismos de uso frecuente.

- Definición e emprego correcto na propia lingua dos latinismos estudados.
- Interese pola precisión que achegan os latinismos na expresión de conceptos na propia lingua.

### 3.3. A evolución do latín ás linguas romances: Estudo da evolución fonética do latín. Regras - u final átona e s- inicial ante consonante.

- Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.



- Interese por coñecer a orixe latina do vocabulario da propia lingua e os cambios fonéticos que tiveron lugar.

#### **3.4. A creación de novos termos:** Principais sufixos de orixe latina.

- Identificación no léxico da propia lingua e coñecemento do significado que achegan os principais sufixos de orixe latina estudados.

- Interese polo coñecemento do significado que achegan os sufixos latinos ao léxico da propia lingua e o seu correcto emprego.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

-Sabe situar cronoloxicamente a historia de Roma, os seus principais períodos e personaxes.

- Identifica as palabras latinas da segunda declinación polo seu tema e enunciado. Recoñece as desinencias casuais da segunda declinación e as funcións que desempeñan. Sabe enunciar palabras da segunda declinación.

-Identifica os adxectivos latinos 2-1-2 pola súa morfoloxía e o seu enunciado. Recoñece as desinencias casuais dos adxectivos 2-1-2 e as funcións que desempeñan na oración. Identifica a concordancia do adxectivo. Sabe enunciar adxectivos 2-1-2.

- Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión.

- Coñece o léxico latino da 2.ª declinación e dos adxectivos 2-1-2 estudados na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico da propia lingua ou doutras linguas romances ou o inglés.

- Emprega correctamente os latinismos estudados na lingua propia.

- Identifica e aplica correctamente as regras fonéticas estudadas ao léxico latino ata chegar ao léxico propio.

-Identifica os sufixos de orixe latina estudados no léxico da súa propia lingua e coñece o significado que achegan a este.

- Desenvolve as competencias básicas a través das actividades e os textos propostos.

### **CONTIDOS MÍNIMOS**

- Recoñecemento do marco histórico de Roma e dos seus principais períodos.

- Léxico: Identificación do léxico da 2.<sup>a</sup> declinación estudado na unidade e dos principais sufixos de orixe latina. Latinismos e normas de evolución do latín ás linguas romances estudados na unidade.
- Lingua: Coñecemento da declinación de substantivos da segunda declinación e adxectivos 2-1-2.
- Textos: Aplicación na tradución e no comentario de textos das aprendizaxes básicas da unidade.

## **TEMPORALIZACIÓN**

3 semanas ou 9 sesións.

## **MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS**

- Libro do alumno.
- Fichas fotocopiáveis de tratamento da diversidade e textos complementarios.
- CD de avaliación.
- Contidos da páxina [www.anayadigital.com](http://www.anayadigital.com).
- Lectura doutros textos non incluídos na unidade.

## UNIDADE 4

### **COMPETENCIAS BÁSICAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

#### **- Competencia en comunicación lingüística:**

- Sabe ler de forma comprensiva o tema da romanización de Hispania.
- Realiza actividades de expresión oral e escrita recollidas na unidade.
- Realiza actividades de coñecemento da morfosintaxe da conxugación e do presente de indicativo.
- Fai comentarios de textos sobre as provincias de Hispania (Plinio).
- Define o léxico latino e palabras relacionadas con el na súa propia lingua.
- Coñecece o significado dos latinismos propostos.
- Aplica regras de evolución fonética de ditongos latinos e oclusivas xordas intervocálicas, distinguindo cultismo, palabras patrimoniais e dobretes.
- Identifica os principais lexemas de orixe latina no léxico propio e sabe definilos.
- Traduce as oracións propostas e o texto sobre Viriato do latín á lingua do alumno con corrección léxica e morfosintáctica.
- Relaciona os coñecementos lingüísticos adquiridos en latín coa súa lingua propia e con outras linguas que coñeza.

#### **- Competencia en aprender a aprender:**

- Sabe recoñecer os seus propios logros e analiza os seus propios erros co fin de mellorar o proceso de aprendizaxe.
- Realiza traballos en grupo.
- Realiza esquemas a partir de exposicións e de textos e desenvolve redaccións a partir dun enunciado.

#### **- Competencia en autonomía e iniciativa persoal:**

- Elabora traballos e exponos individualmente.
- Planifica traballos individuais e en grupo que supoñen un proceso de análise, proposta, desenvolvemento e exposición.

- **Competencia en tratamento da información e competencia dixital:**
- Elabora e prepara traballos individualmente e en grupo empregando as TIC.
- Expón traballos individualmente e en grupo a través das TIC.
- **Competencia cultural e artística:**
- Coñece, analiza e valora a pegada cultural e artística de Roma en Hispania.
- **Competencia social e cidadá:**
- Realiza actividades de información sobre a sociedade romana e valora as diferenzas e semellanzas coa sociedade actual.
- **Competencia matemática:**
- Aplica correctamente a lóxica interna da técnica da tradución de oracións sinxelas do latín á propia lingua.

## **OBXECTIVOS**

- Coñecer os principais elementos da romanización de Hispania: a súa conquista, a organización política, social e económica, así como la pegada artística.
- Identificar as conxugacións latinas a través do seu enunciado.
- Coñecer a morfoloxía do presente de indicativo latino (desinencias personais e morfoloxía do presente de indicativo).
- Recoñecer a forma e uso das principais preposicións de dirección, situación e procedencia.
- Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas, especialmente no relativo á concordancia.
- Coñecer léxico latino de verbos e a súa achega ao léxico da lingua materna do alumno y doutras linguas modernas.
- Coñecer os latinismos de uso frecuente.
- Coñecer a evolución fonética do latín ao castelán, catalán e galego.
- Identificar e coñecer o significado que achegan os principais lexemas de orixe latina no léxico da propia lingua.
- Desenvolver as competencias básicas a través dos textos.

## **CONTIDOS**

### **1. Legado**

#### **Os romanos en Hispania.**

- Recoñecemento dos principais aspectos da romanización de Hispania: a conquista da Península, a organización política, social e económica resultante e a súa pegada artística.
- Valoración da romanización de Hispania como elemento cultural e histórico determinante na historia, a cultura e a sociedade actual.

### **2. Lingua**

#### **2.1. O verbo latino: as conxugacións latinas**

- Identificación das conxugacións latinas a través do seu enunciado.
- Interese polo coñecemento da morfoloxía e valoración do seu coñecemento para un mellor uso da propia lingua.

#### **2.2. O presente de indicativo**

- Identificación da morfoloxía do presente de indicativo activo, o tema de presente, as desinencias persoais e o seu uso.
- Interese polo coñecemento da morfoloxía e valoración do seu coñecemento para un mellor uso da propia lingua.

#### **2.3. As preposicións de lugar**

- Recoñecemento das principais preposicións de lugar (dirección, situación e procedencia), os seus significados e o seu emprego.
- Interese polo coñecemento da morfoloxía e valoración do seu coñecemento para un mellor uso da propia lingua.

#### **2.4. A tradución**

- Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas, con especial interese na morfoloxía e sintaxe verbal e das preposicións de lugar.
- Interese polo coñecemento da morfoloxía e sintaxe latina como instrumento para o uso correcto da propia lingua.
- Aprecio pola correcta interpretación dos textos.

### **3. Léxico**

#### **3.1. Aprendemos vocabulario: Verbos.**

- Identificación, definición e clasificación do léxico de verbos estudados na unidade e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos da propia lingua, de linguas romances ou do inglés.

- Valoración do coñecemento do léxico latino para o coñecemento da orixe do léxico da propia lingua e o seu uso correcto (ortográfico, semántico, etc.).

### **3.2. Coñece mellor o latín:** Estudo de latinismos de uso frecuente.

- Definición e emprego correcto na propia lingua dos latinismos estudados.

- Interese pola precisión que achegan os latinismos na expresión de conceptos na propia lingua.

### **3.3. A evolución do latín ás linguas romances:** Estudo da evolución fonética dos ditongos latinos *au*, *ae* e *oe* e oclusivas xordas latinas intervocálicas.

- Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.

- Interese por coñecer a orixe latina do vocabulario da propia lingua e os cambios fonéticos que tiveron lugar.

### **3.4. A creación de novos termos:** Principais lexemas de orixe latina.

- Identificación no léxico da propia lingua e coñecemento do significado que achegan os principais lexemas de orixe latina estudados.

- Interese polo coñecemento do significado que achegan os principais lexemas latinos ao léxico da propia lingua e o seu correcto emprego.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

-Recoñece o proceso de romanización de Hispania, tanto na súa conquista, como na organización política, social e económica, e nas pegadas artísticas.

- Coñece e identifica as conxugacións latinas a partir do seu enunciado.

- Coñece e identifica a formación do presente de indicativo activo. Coñece a tradución e uso do presente de indicativo activo.

-Recoñece as principais preposicións de lugar estudadas na unidade, o seu significado e o seu emprego.

-Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión.

- Coñece o léxico latino de verbos estudados na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico da propia lingua ou doutras linguas romances ou o inglés.
- Emprega correctamente os latinismos estudados na lingua propia.
- Identifica e aplica correctamente as regras fonéticas estudadas ao léxico latino ata chegar ao léxico propio.
- Identifica os lexemas de orixe latina estudados no léxico da súa propia lingua e coñece o significado que achegan.
- Desenvolve as competencias básicas a través das actividades e os textos propostos.

### **CONTIDOS MÍNIMOS**

- Recoñecemento dos principais aspectos da romanización de Hispania.
- Léxico: Identificación de verbos estudados na unidade e dos principais lexemas de orixe latina. Latinismos e normas de evolución do latín ás linguas romances estudados na unidade.
- Lingua: Identificación das conxugacións latinas. Coñecemento do presente de indicativo activo e das principais preposicións de lugar estudadas na unidade.
- Textos: Aplicación na tradución e no comentario de textos das aprendizaxes básicas da unidade.

### **TEMPORALIZACIÓN**

3 semanas ou 9 sesións.

### **MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS**

- Libro do alumno.
- Fichas fotocopiáveis de tratamento da diversidade e textos complementarios.
- CD de avaliación.
- Contidos da páxina [www.anayadigital.com](http://www.anayadigital.com).
- Lectura doutros textos non incluídos na unidade.

## UNIDADE 5

### **COMPETENCIAS BÁSICAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

#### **- Competencia en comunicación lingüística:**

- Le de forma comprensiva a exposición sobre a sociedade romana.
- Realiza as actividades de expresión oral e escrita propostas na unidade.
- Realiza as actividades de coñecemento da morfosintaxe sobre a terceira declinación, o imperfecto de indicativo e as oracións coordinadas.
- Sabe facer un comentario de texto sobre a escravitude (Séneca).
- Define o léxico latino da unidade.
- Coñece o significado e usa correctamente os latinismos propostos.
- Aplica as regras de evolución fonética das consonantes xeminadas e dos grupos *-nn-* e *-ll-* a palabras latinas, distinguindo cultismo, palabras patrimoniais e doctores.
- Identifica os principais prefixos de orixen grego na propia lingua.
- Traduce as oracións propostas na unidade e o texto sobre patricios e plebeios con corrección léxica e morfosintáctica.
- Le textos latinos en voz alta na clase.
- Relaciona os coñecementos lingüísticos adquiridos en latín coa súa lingua materna e con outras linguas que coñeza.

#### **- Competencia en aprender a aprender:**

- Avalía os traballos, probas e actividades realizadas, subliñando os logros e analizando os erros co fin de mellorar.
- Realiza esquemas a partir de exposicións e de textos e desenvolve redaccións a partir dun enunciado.

#### **- Competencia en autonomía e iniciativa persoal:**

- Manifiesta a opinión propia sobre a escravitude en Roma.
- Planifica traballos individuais e en grupo que supoñen un proceso de análise, formulación, desenvolvemento e exposición.



- **Competencia en tratamento da información e competencia dixital:**

- Selecciona a información obtida a través das TIC e elabora e prepara traballos individualmente e en grupo empregando as TIC.

- **Competencia social e cidadá:**

- Realiza actividades de información sobre a sociedade romana.

- Realiza actividades sobre a sociedade romana e as súas institucións e asume aquelas actitudes que favorecen a competencia social e cidadá e valora criticamente as que non.

- **Competencia matemática:**

- Aplica correctamente a lóxica interna da técnica da tradución de oracións sinxelas do latín á lingua propia.

## **OBXECTIVOS**

-Coñecer a organización social da sociedade romana e as súas principais características.

-Coñecer a morfoloxía da terceira declinación, temas en consoante e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.

-Coñecer a morfoloxía do imperfecto de indicativo activo latino e a súa tradución.

-Recoñecer os tipos de oracións e as principais oracións coordinadas e os seus nexos.

-Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas.

-Coñecer léxico latino da terceira declinación e a súa achega ao léxico da lingua materna do alumno e doutras linguas modernas.

-Coñecer os latinismos de uso frecuente.

-Coñecer a evolución fonética do latín ao castelán, catalán e galego.

-Identificar e coñecer o significado que achegan os principais prefixos de orixe grego no léxico da propia lingua.

- Desenvolver as competencias básicas a través dos textos.

## **CONTIDOS**

### **1. Legado**

#### **A estrutura social romana.**

- Coñecemento da organización social de Roma, as súas clases sociais e as súas principais características.
- Interese pola organización social de Roma como parte esencial da cultura romana e da historia da sociedade actual.

### **2. Lingua**

#### **2.1. A terceira declinación: temas en consoante**

- Identificación das palabras da terceira declinación temas en consoante, das súas desinencias e das súas funcións na oración.
- Interese polo coñecemento da morfoloxía e valoración do seu coñecemento para un mellor uso da propia lingua.

#### **2.2. O imperfecto de indicativo activo**

- Identificación da morfoloxía do imperfecto de indicativo activo e o seu uso.
- Interese polo coñecemento da morfoloxía e valoración do seu coñecemento para un mellor uso da propia lingua.

#### **2.3. As oracións compostas: coordinadas**

- Distinción dos tipos de oracións e recoñecemento das principais oracións coordinadas e os sus nexos.
- Interese polo coñecemento da morfoloxía e valoración do seu coñecemento para un mellor uso da propia lingua.

#### **2.4. A tradución**

- Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas, con especial interese na morfoloxía da terceira declinación, o imperfecto de indicativo e as oracións coordinadas.
- Interese polo coñecemento da morfoloxía e sintaxe latina como instrumento para o uso correcto da propia lingua.
- Aprecio pola correcta interpretación dos textos.

### 3. Léxico

#### 3.1. Aprendemos vocabulario: Substantivos da terceira declinación.

- Identificación, definición e clasificación do léxico de substantivos da terceira declinación latina estudado na unidade e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos da propia lingua, de linguas romances ou do inglés.
- Valoración do coñecemento do léxico latino para o coñecemento da orixe do léxico da propia lingua e o seu uso correcto (ortográfico, semántico, etc.).

#### 3.2. Coñece mellor o latín: Estudo de latinismos de uso frecuente.

- Definición e emprego correcto na propia lingua dos latinismos estudados.
- Interese pola precisión que achegan os latinismos na expresión de conceptos na propia lingua.

#### 3.3. A evolución do latín ás linguas romances: Estudo da evolución fonética do latín. Consoantes xeminadas latinas e grupos -ll- e -nn- latinos.

- Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.
- Interese por coñecer a orixe latina do vocabulario da propia lingua e os cambios fonéticos que tiveron lugar.

#### 3.4. A creación de novos termos: Principais prefixos de orixe grega.

- Identificación no léxico da propia lingua e coñecemento do significado que achegan os principais prefixos de orixe grega estudados.
- Interese polo coñecemento do significado que achegan os principais prefixos gregos ao léxico da propia lingua e o seu correcto emprego.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñece as clases sociais de Roma e as súas principais características.
- Identifica as palabras latinas da terceira declinación (temas en consoante) polo seu tema e enunciado. Recoñece as desinencias casuais da terceira declinación e as funcións que desempeñan.
- Coñece e identifica a formación do imperfecto de indicativo activo. Coñece a tradución e uso do imperfecto de indicativo activo.
- Recoñece as principais oracións coordinadas latinas e os seus nexos.

- Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión.
- Coñece o léxico latino de substantivos da terceira declinación latina estudado na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico da propia lingua ou doutras linguas romances ou o inglés.
- Emprega correctamente os latinismos estudados na lingua propia.
- Identifica e aplica correctamente as regras fonéticas estudadas ao léxico latino ata chegar ao léxico propio.
- Identifica os prefixos de orixen grego estudados no léxico da súa propia lingua e coñece o significado que achegan.
- Desenvolve as competencias básicas a través das actividades e os textos propostos.

## **CONTIDOS MÍNIMOS**

- Coñecemento da organización social de Roma, as súas clases sociais e as súas principais características.
- Léxico: Identificación dos substantivos da terceira declinación estudados na unidade e dos principais prefixos de orixe grega. Latinismos e normas de evolución do latín ás linguas romances estudados na unidade.
- Lingua: Declinación de substantivos da terceira declinación, temas en consoante. Conxugación do imperfecto de indicativo activo. Identificación das principais oracións coordinadas.
- Textos: Aplicación na tradución e no comentario de textos das aprendizaxes básicas da unidade.

## **TEMPORALIZACIÓN**

3 semanas ou 9 sesións.

## **MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS**

- Libro do alumno.
- Fichas fotocopiáveis de tratamento da diversidade e textos complementarios.

- CD de avaliación.
- Contidos da páxina [www.anayadigital.com](http://www.anayadigital.com).
- Lectura doutros textos non incluídos na unidade.

## UNIDADE 6

### **COMPETENCIAS BÁSICAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

#### **- Competencia en comunicación lingüística:**

- Le de forma comprensiva a unidade e os seus textos.
- Sabe resolver as actividades de expresión oral e escrita propostas na unidade.
- Realiza as actividades de coñecemento da morfosintaxe da terceira declinación (temas en -i) e adxectivos da terceira declinación, así como o futuro imperfecto de indicativo.
- Sabe facer un comentario de texto sobre a campaña electoral de Q.T. Cicerón.
- Define o léxico latino e palabras relacionadas con el na propia lingua.
- Coñece o significado dos latinismos propostos e úsaos correctamente.
- Aplica as regras de evolución fonética das oclusivas sonoras intervocálicas e dos grupos *-ns-* e *-gn-* a palabras latinas, distinguindo cultismo, palabras patrimoniais e dobles.
- Identifica os principais sufixos de orixe latina no propio léxico e define palabras a partir deles.
- escoita e fala sobre os temas de debate en relación coas campañas electorais.
- Traduce oracións sinxelas e o texto sobre os censores con corrección léxica e morfosintáctica.
- Relaciona os coñecementos lingüísticos adquiridos en latín coa lingua materna e con outras linguas que coñece.

#### **- Competencia en aprender a aprender:**

- Realiza traballos que impliquen busca, selección, tratamento e exposición da información.
- Realiza esquemas sobre a organización política de Roma.

#### **- Competencia en autonomía e iniciativa persoal:**

- Manifesta as propias opinións sobre un tema de debate (promesas electorais).
- Planifica traballos individuais e en grupo que supoñan un proceso de análise, formulación, desenvolvemento y exposición.

#### **- Competencia en tratamento da información e competencia dixital:**

- Accede a todo tipo de información (escrita, sonora, audiovisual, etc.) a través das TIC.
- Elabora e prepara traballos individualmente e en grupo empregando as TIC.

- **Competencia cultural e artística:**

- Coñece, analiza e valora mediante o estudo da cultura latina e a lectura de textos latinos as manifestacións culturais en relación coa política.

- **Competencia social e cidadá:**

- Desenvolve unha actitude tolerante ante a diversidade de ideas e crenzas.

